

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS CENTRAIS DE ESTERILIZACIÓN DOS HOSPITAIS DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA RENOVARANSE POR UN IMPORTE DE 1.150.000 €

- Acaba de publicarse no DOUE o concurso para o subministro e instalación de equipamento destas centrais nos hospitais Clínico, Médico Cirúrxico de Conxo e Barbanza

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2023.- A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza acaba de publicar a concurso para o subministro e instalación de equipamento para as centrais de esterilización dos distintos hospitais por importe de 1.150.000 euros.

Este investimento é susceptible de financiamento ao 100% pola UE no marco do eixe REACT-UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia COVID

Esta renovación tecnolóxica das centrais de esterilización, que publicou onte o Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), mellorará as prestacións aos diferentes bloques cirúrxicos, así como o resto de unidades asistenciais que necesitan destes servizos de esterilización tanto no Hospital Clínico Universitario de Santiago, como no Médico Cirúrxico de Conxo e no Hospital Público da Barbanza.

O maior investimento realizarase no Clínico, cun importe de máis de 781.000€ seguido do hospital da Barbanza cun orzamento de preto de 256.500€ e Conxo, con 111.800€. O maior gasto o correspóndelle aos esterilizadores a vapor, que supoñen un total de 654 mil euros. Amais incorporaranse novas lavadoras termo desinfectadoras, cabinas de lavado e sistemas de dosificación automático de químicos para lavadoras, entre outras.

A completa renovación aportará melloras con respecto á ergonomía, calidade do proceso e á súa trazabilidade e seguridade, permitindo satisfacer unha maior demanda actual dos servizos.

Estas novas centrais de esterilización estarán dotadas cunha capacidade operativa que permita procesar todo o instrumental, equipamento e accesorios dos bloques cirúrxicos. Ademais, deberán dispoñer de capacidade adicional para procesar o resto do material xerado nas áreas intervencionistas, críticos, consultas e urxencias, entre outros. Tamén suporá un maior grao de informatización do servizo e capacidade para integrarse no sistema informático.

Saúdos